

Silvia Rodríguez aposta pola participación cidadá no proxecto socialista co que pretende recuperar a alcaldía de Portomarín

A vicepresidenta segunda subliñou que os portomarineses “necesitan que o PSdeG recupere a alcaldía para reactivar proxectos vitais para o futuro do concello, como a construción dun centro de día público para a terceira idade e a elaboración do plan urbanístico”

Pérez Herraiz animou á candidata a “traballar para mellorar os resultados obtidos nas anteriores eleccións”. “Presentades unha candidatura forte e un bo programa para poder acadar o cambio que tanto precisa Portomarín despois de estes catro anos de desgoverno do PP”

Os socialistas queren gobernar para a cidadanía, atendendo ás súas demandas e, por iso, a candidatura é unha representación da sociedade de Portomarín, con perfís que inclúen diversos sectores profesionais e diferentes rangos de idade. É unha lista que se vén a renovar nun 50%

PORTOMARÍN, 3 DE MAIO DE 2015.- A candidata do PSOE de Portomarín -Silvia Rodríguez- presentou hoxe a lista que encabeza para as vindeiras eleccións municipais do 24 de maio. Neste evento, a alcaldable estivo acompañada pola vicepresidenta segunda da Deputación -Lara Méndez- e a deputada no Congreso -Margarita Pérez Herraiz-.

Rodríguez afirma que a súa idea de goberno basease en favorecer unha maior participación da cidadanía nos asuntos do concello. “O programa inclúe a elaboracións duns orzamentos participativos, algo que os socialistas intentamos poñer en práctica no noso último mandato”, indicou. Neste senso, a socialista anunciou que xa comezaron a reunirse cos veciños e veciñas da vila para coñecer en profundidade as súas necesidades.

A Vicepresidenta Segunda subliñou que os portomarineses “necesitan que o PSdeG recupere a alcaldía para reactivar proxectos vitais para o futuro do concello, como a construción dun centro de día público para a terceira idade e a elaboración do plan urbanístico. Estes catro anos do PP só serviron para constatar a mala xestión e nula capacidade de negociación do alcalde”.

A alcaldable coincidiu coa vicepresidenta nestes asuntos, anunciando que a súa candidatura aposta por recuperar o Plan Xeral de Ordenación, que nós deixamos moi encamiñado e que o PP se encargou de paralizar. Ademais, retomarán a idea da creación dun centro de día, “tan necesario para o concello, e que foi unha promesa que todos os partidos, incluído o que goberna, levaban no seu programa electoral fai 4 anos, pero o executivo do Sr. Serrano non xestionou nada ao respecto”.

Outra forma de gobernar

Lara Méndez indicou que “os socialistas temos outra forma de gobernar, como xa demostramos en Portomarín e como o fixemos os últimos oito anos na Deputación de Lugo, onde fomos quen de poñer en marcha, sen ningún apoio da Xunta, investimentos cun forte retorno económico para a provincia, como o primeiro centro público de recría de España ou a rede provincial de residencias e centros de día públicos, ademais de saldar débedas importantísimas como o pago do canon hidroeléctrico, do que Portomarín recibiu 317.000 euros para obras de infraestruturas e servizos que melloran a calidade de vida dos veciños”, asegurou a vicepresidenta.

Aposta polo emprego

A creación de postos de traballo é outro dos piares básicos do proxecto socialista, “polo que reanudaremos a bolsa de emprego paralizada polo PP a pesar de ser un instrumento para axudar aos portomarineses a atopar emprego ao poñer en contacto a desempregados con empresas”, indicou a candidata.

Segundo explicou Rodríguez, o seu programa inclúe ademais “a revalorización do rural despois do abandono que ven sufrindo por parte do goberno actual”. “Neste ámbito volveremos a facer actuacións para que os veciños e veciñas de Portomarín conten cos accesos e os servizos adecuados independentemente do lugar onde vivan”, e engadiu “melloraremos as vías de acceso, o saneamento e continuaremos coa creación de espazos de socialización veciñal”.

Candidatura forte

Pola súa banda, Pérez Herraiz animou á alcaldable a “traballar para mellorar os resultados obtidos nas anteriores eleccións”. “Presentades unha candidatura forte e un bo programa para poder acadar o cambio que tanto precisa Portomarín despois de estes catro anos de desgoberno do PP”, afirmou a deputada.

Lista representativa

Os socialistas queren gobernar para a cidadanía, atendendo ás súas demandas e, por iso, a candidatura é unha representación da sociedade de Portomarín, con perfís que inclúen diversos sectores profesionais e diferentes rangos de idade. É unha lista que se ven a renovar case nun 50% e que conta cos seguintes integrantes:

- 1.- Silvia Rodríguez Díaz
- 2.- Enrique Vázquez Gómez
- 3.- Gerardo Salvador Pardo
- 4.- Manuel López Rodríguez
- 5.- María Ascensión Fernández Fernández
- 6.- José Rodríguez García
- 7.- José Miguel Rodríguez Pérez
- 8.- Andrea Pol Fernández
- 9.- Óscar Martínez García

Suplentes:

- 1.- Montserrat Díaz Rodríguez
- 2.- Antonio Luaces Quiroga
- 3.- Marcos Arias Rodríguez